



MATRÍCULA CURSO 2013-2014

Para formalizar a matrícula todo o alumnado deberá recoller na Conserxería do IES de Brión un sobre de matrícula (**custo do sobre: 3 €**), cubrilo e acompañar os seguintes documentos:

DOCUMENTACIÓN PARA A MATRÍCULA DE 3º DE ESO

- 3 fotografías tamaño carné (**con nome e apelidos escritos por detrás a bolígrafo, non rotulador**). Se o/a alumno/a ven doutro centro, terá que entregar 5 fotografías.
- 2 fotocopias do DNI.
- Os alumnos/as que procedan **doutro centro**, deberán presentar documento xustificativo das cualificacións obtidas no curso 2012/13.
- **Recibo do ingreso no banco do seu Seguro Escolar.**
Nota: Segundo a circular da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e en virtude do artigo 67 da Orde do 26 de maio do 1999 pola que se desenvolve o Regulamento Xeral de Recadación dos Recursos do Sistema da Seguridade Social, **os alumnos/as de 3º e 4º ESO ingresarán en Caixa Galicia na conta deste IES de Brión, co nº 2091/0317/34/3040010277, a súa cota do Seguro Escolar (1,12 €).**

PRAZO DE MATRÍCULA ORDINARIA DE 3º CURSO DE ESO

do 4 de xullo ao 10 de xullo

Neste prazo deberán formalizar a súa matrícula os

- alumnos/as de 2º ESO que aprobaran todo en xuño.
- alumnos/as de 2º ESO que teñan 1 ou 2 materias suspensas (matrícula provisional).

A Administración do centro estará aberta de 10:00 a 13:30 de luns a venres.

Os alumnos/as que non formalicen a súa matrícula nas datas fixadas perderán o seu dereito á praza neste centro.